

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

EDUARDO ESTÉVEZ PRESENTOU O SEU LIBRO

'Construcións' volve á rede

Xa se pode ver en youtube un adianto do vídeo realizado por Lara Baceo da lectura do poemario, nacido nun blog e publicado por Positivas.

Redacción - 10:11 19/11/2008

Eduardo Estévez [dixo hai uns días en Vieiros](#) que quería "devolver á rede" o seu poemario *Construcións*, o mesmo que [nacera nun blog](#) como experiencia de construción colaborativa e de *work-in-progress*. A presentación do libro, editado por Positivas consistiu nunha lectura a cargo do propio Estévez na Casa das Crechas de Santiago de Compostela. Ao acto acudiron moitos amigos do autor, os mesmo que dun xeito ou outro participaran na creación, a través dos seus comentarios. Estaban, por exemplo, Estevo Creus, Antía Otero ou Mario Regueira.

Lara Baceo encargouse de gravar o vídeo, do que xa se pode ver un adianto en youtube.